



CONTRIBUCIÓN AO COÑECEMENTO DO ARMazón URBANÍSTICO DE *LUCUS AUGUSTI* : DESCUBRIMENTO DUN NOVO *CARDO MINOR* DURANTE AS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO Nº 5 DA RÚA NOVA DE LUGO

Guillermo Santamaría Gámez, Roberto Bartolomé Abraira,
Enrique Alcorta Irastorza.



Fig. 1. Situación do soar dentro da cidade de Lugo.

INTRODUCIÓN

O presente artigo describe os resultados obtidos tanto nos labores de control arqueolóxico, previos ás obras de rehabilitación do edificio nº 5 na Rúa Nova de Lugo (fig. 1), como na intervención arqueolóxica en área

posterior. A necesidade das devanditas intervencións arqueolóxicas viña dada pola aplicación da normativa urbanística e patrimonial vixente, dando cumprimento aos art. 45 e 46 do PEPRI. En cumprimento da mesma, a empresa CONSTRUCCIONES ASOCIADOS REBOLO COBAS, S. L., promotora da actuación, encargou a realización do control arqueolóxico á empresa PYA ARQUEÓLOGOS S. L.

Os traballos arqueolóxicos desenvolvéronse baixo a coordinación dos Técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, de acordo co establecido no artigo 15º do Decreto 199/97 de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, do mesmo xeito que cos técnicos do Servizo de Arqueoloxía do Concello de Lugo.

Os devanditos traballos comezaron cunha primeira intervención de control arqueolóxico entre o 25 de marzo e o 21 de abril do 2008, cinguíndose ás necesidades do proxecto de obra, que propoñía a realización de 3 zapatas para cimentación e un oco de ascensor. Para iso foron escavadas catro catas, a modo de sondaxes manuais, supervisadas polo director do control arqueolóxico * e dous técnicos arqueólogos ** .

En vista dos resultados obtidos nesta intervención e da cota á que aparecían os restos arqueolóxicos, que nalgúns casos alcanzaban os 3 m de profundidade,

* Guillermo Santamaría Gámez.

** Roberto Bartolomé Abraira e Enrique Alcorta Irastorza.

expúxose a posibilidade de aproveitar o subsolo como baixo comercial. Para isto facíase necesaria a presentación ante o Concello de Lugo dun proxecto de escavación arqueolóxica en área coa finalidade de descubrir e documentar os restos atopados e, deste xeito, elaborar un proxecto arquitectónico para un futuro soto coa conservación e posta en valor (a petición do promotor) dos restos no seu interior. Desta maneira, o día 31 de marzo do 2009 comezou unha segunda intervención arqueolóxica *** estendéndose até o 19 de maio do 2009, coa realización dun muro de contención de terras previo á escavación en área do soar. Escavación que non se chegou a realizar na súa totalidade pola falta de financiamento do promotor e que suporía unha oportunidade para ampliar a información desta zona da cidade, desde época contemporánea até a fundación romana. Con todo, a escavación da gabia para a construción do devandito muro unificando as sondaxes realizadas durante o control arqueolóxico, serviu para confirmar algunhas das hipóteses expostas durante esta primeira intervención así como a recompilación de maior información sobre a trama urbana de *Lucus Augusti*.

LOCALIZACIÓN E CONTEXTO HISTÓRICO DA ÁREA DE INTERVENCIÓN

O soar obxecto de estudo atópase situado ao comezo da Rúa Nova, moi preto da Praza do Campo, en pleno centro do casco histórico da cidade de Lugo (fig. 2), dentro do ámbito do denominado Burgo Vello ou Medieval, que xurdiu na devandita época xunto á catedral, alzada a pouco máis de 100 m do soar que nos ocupa, en dirección sur. Neste sentido, a rúa mantén unha estrutura medieval moi ben conservada, caracterizada pola súa estreiteza e lonxitude, sen que apenas se producisen variacións nas súas dimensións e trazado ao longo do tempo.



Fig. 2. Situación do soar obxecto de intervención arqueolóxica.

A actual cidade de Lugo, no seu recinto intra muros, sobreponse fisicamente á antiga cidade de *Lucus Augusti*. Da súa importancia dan conta os numerosos restos arqueolóxicos que se conservan soterrados, tanto no interior como no exterior do seu recinto amurallado. A realización de escavacións sistemáticas con motivo das construcións urbanas que se veñen realizando ao longo e ancho da cidade nestes últimos anos, permitiron avanzar no coñecemento sobre a antiga urbe romana. É por iso que hoxe en día o coñecemento do Lugo romano inclúe algo máis que as súas imponentes murallas. Neste sentido, a investigación puxo de manifesto a dicotomía existente entre a cidade altoimperial e baixoimperial, demostrando como o círculo amurallado baixoimperial, deixou fóra do seu perímetro unha extensa zona da

*** Levada a cabo baixo a dirección de Roberto Bartolomé Abreira.

cidade altoimperial, ao SW da mesma. As esixencias construtivas da muralla motivarían así mesmo que moitos dos edificios da etapa anterior quedasen cortados polo rápido avance do seu trazado, como se puxo de manifesto nas escavacións feitas tanto no exterior como no interior da cidade.

Coñecemos gran parte da orixe, forma e desenvolvemento do seu tecido urbano, configurado por unha retícula case perfecta de vías interiores orientadas seguindo un eixo NO-SE (*cardo maximus*) que podería coincidir cunha rúa, hoxe soterrada, que discorrería entre a Rúa Nova e Quiroga Ballesteros, e SW/NE (*decumanus maximus*) que desde a Porta Miná avanzaría polo límite N da Rúa Armanyá, prolongándose até un sector da banda oposta da muralla, situada a uns trinta metros ao sur da actual Porta da Estación (sobre o entramado urbanístico de *Lucus Augusti*: GONZÁLEZ, 1997: 173-178; GONZÁLEZ-CARREÑO, 1998: 1.171 ss.; Idem, 1998: 59-80; Idem, 2000: 67-84). Así mesmo, articularíase a partir dun foco central o foro, identificado no contorno da rúas da Raiña, Progreso e San Pedro (AAVV, 2002: 203-204).

Por outra banda, as escavacións realizadas até a data, permitiron exhumar parte dalgunhas das mansións da cidade e das súas peculiaridades construtivas, dos seus sistemas de abastecemento de augas limpas e drenaxe de augas residuais, así como avanzar na delimitación das diferentes áreas urbanas, definindo a localización das zonas residenciais, coincidentes *grosso modo*, co actual centro histórico. Aquí localízanse algunhas das edificacións máis significativas, ben sexan de carácter privado e/ou público, como o conxunto termal exhumado nesta mesma rúa que chega até a Rúa Armanyá. Os barrios máis ben artesanais sitúanse no cuadrante nororiental da cidade, á altura da Praza de Ferrol, Rúa Quiroga Ballesteros, Rúa Montevideo e Rúa Nova. As necrópoles de incineración altoimperiales, pódense atopar baixo a cidade baixoimperial na Praza de Ferrol ou Carril das Ortigas, mentres que zonas habitadas en época altoimperial, como a Praza da Constitución ou o barrio de Recatelo, son destinadas como necrópole en época tardía, cando a construción da muralla relegou estas zonas fóra da cidade.

Pero se importante é o coñecemento e os vestixios

arqueolóxicos relacionados coa cidade romana, non debemos esquecer a existencia dun plano medieval coincidente nunha parte da súa extensión coa área próxima ao soar onde foi realizada a actuación, identificada a través da documentación co Burgo Vello: poboamento orixinario desenvolvido ao redor da Catedral.

Por iso, hai que lembrar a completa alteración do plano romano debido á evolución do poboamento ao longo da Alta Idade Media, de tal maneira que o seu característico trazado ortogonal clásico quedou totalmente esquecido e a cidade medieval, compartindo o mesmo recinto amurallado, reconstruíuse nun novo estrato sobre a antiga traza romana. Preto da Catedral, sobreviviría o núcleo altomedieval (Burgo Vello), en tanto que o resto do espazo intra muros atoparíase case abandonado e ruralizado. A partir da área catedralicia, cara ao N, desenvolveuse un gran eixo que atravesaba completamente o recinto en dirección S-N (a Rúa Nova). A partir dela, a trama, máis ben desordenada, do terzo suroccidental do recinto sitúanos no espazo do primeiro crecemento medieval, con rúas estreitas e moi irregulares (Rúa Miño, Rúa da Tinería, Rúa Falcón, Carril dos Fornos).

Con todo, cabe lembrar que a investigación da arqueoloxía urbana medieval de Lugo non contribúe aínda suficientemente a estudar o desenvolvemento e variacións producidas no interior do recinto amurallado durante esta etapa histórica. A práctica inexistencia de niveis medievais no rexistro das escavacións, dificulta aínda máis esta percepción. Neste sentido, non deixan de resultar de gran interese as intervencións no denominado Burgo Vello, por canto a boa conservación da súa estrutura medieval, pode contribuír a un mellor coñecemento da súa evolución histórica.

RESULTADOS OBTIDOS DURANTE AS INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS

Como xa foi sinalado, as intervencións arqueolóxicas levadas a cabo no inmovible nº 5 da Rúa Nova de Lugo foron desenvolvidas en dous tempos. Primeiro co control arqueolóxico das remocións de terra necesarias para a execución de tres zapatas e un foso de ascensor, e posteriormente coa escavación en área

do soar (finalmente non realizada) previa construción dun muro de contención de terras que suporía a unificación de todas as sondaxes realizadas con anterioridade. A continuación descríbense os diversos achados documentados en ambas as actuacións que nos permitirán propor distintas fases de ocupación da zona.

Fase contemporánea

O soar obxecto de control arqueolóxico, de forma sensiblemente trapezoidal, alargado, responde a unha tipoloxía parcelaria con estrutura medieval onde se asenta un edificio con tipoloxía entre medianeiras, podéndose datar a súa construción no s. XIX. O edificio, duns 27 m de longo x 55 cm de ancho de fachada e uns 10 m de ancho x 80 cm de fachada posterior, dispón a súa estrutura a base de muros de carga de fábrica de pedra, cantaría en fachada principal e cachotaría en medianeiras e fachada posterior nos que apoiaba un armazón de madeira (BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2010: 151).

Durante a execución das 3 sondaxes e o oco de ascensor así como da gabia para o muro de contención de terras, foron identificados diferentes recheos vinculados coa construción do inmovble, que presentaban materiais cerámicos de adscrición moderna e contemporánea: son estes, de maneira concreta (Láminas 1 e 2 respectivamente), varios exemplares de cerámicas vidradas de formas indeterminadas cun marco cronolóxico entre os ss. XVI-XVIII, así como mostras de cerámica popular de Bonxe dos séculos XIX-XX (GARCÍA ALÉN, 1983: 187-200).




Lámina 1. Cerámica vidrada.



Lámina 2. Cerámica popular de Bonxe.

A maiores, contamos con estruturas actuais do edificio e outras soterradas que evidencian diversas reformas do inmovble. Un exemplo das potentes cimentacións coas que contaba o inmovble, témolo na cimentación (UEM 118) correspondente a un muro medianeiro que ocupaba a maior parte da sondaxe 1 e que chegaba practicamente até os niveis de época romana (fig. 3)



Fig. 3. Cimentación UEM 118, desde o O, correspondente a un muro medianeiro do actual inmovble.

Para a execución da sondaxe 2 foi necesario desmontar outro muro de cachotaría de xisto (UEM 233), tamén cunha potente cimentación composta de grandes bloques de granito (UEM 232) e outro soterrado de fábrica semellante (UEM 231), que probablemente pertencería a unha reforma anterior da casa.

Na sondaxe 3, unha vez retirada a soleira de cemento da casa, foron achados un muro (UEM 313) encostado ao muro de carga da casa, que funcionaría probablemente como reforzo do anterior, un pozo (UE 322) e un empedrado de cantos rodados (UE 323) conservado parcialmente. Como se dun patio se tratase, corresponderíanse a un momento anterior de ocupación do inmoble (fig. 4).



Fig. 4. Vista cara ao S dos restos dun posible patio interior do inmoble actualmente anulado, formado por un pozo (UE 322) e un empedrado de cantos rodados (UE 323).

Fase baixomedieval/moderna

Pertencente a esta fase documentouse nas sondaxes 2 e 3 un nivel de incendio que non foi posible asociar a construción algunha, e que presentaba material cerámico de tipoloxía baixomedieval. Un fragmento da Forma 1, variante B (Lám. 3) dunha pota de bordo horizontal cóncavo (CÉSAR E BONILLA, 2003: 303) e tres individuos da Forma 2, pota de bordo de pestana (Lám. 4 e 5) (CÉSAR E BONILLA, 2003: 305).




Lámina 3. Cerámica baixomedieval Forma 1-B.



Lámina 4. Cerámica baixomedieval Forma 2 de bordo de pestana.




Lámina 5. Cerámica baixomedieval Forma 2 de bordo de pestana.

Así mesmo, contamos con algunhas estruturas de difícil adscripción cronolóxica dentro desta etapa baixomedieval ou moderna. Nela englobaríamos os dous pozos achados: o primeiro, localizado na sondaxe 2 e identificado como a UE 216 (fig. 5), presentaba unha forma aproximadamente circular de 1,20 m de diám. construído con lousa de mediano tamaño e que se atopaba parcialmente desmantelado pola construción da cimentación do inmoble (UEM 232). O segundo, localizado na sondaxe 4 e identificado como a UE 400, tamén estaba realizado con lousa dando forma a un pozo cuadrangular cunhas dimensións de 50 x 50 cm (fig. 6) Respecto deste último, pódese afirmar a súa construción en época moderna xa que durante o seu desmonte o material achado identificouse claramente con tipoloxías desta época. Referímonos a algúns fragmentos de anforeta de indias (CÉSAR E BONILLA, 2003: 327-328) e un individuo pertencente ao grupo de produción de cerámicas esmaltadas cunha cronoloxía xenérica entre os séculos XVI e XVIII (SÁNCHEZ-PACHECO, 1997: 94), localizados no recheo do corte realizado para encaixar o pozo. Ambas as estruturas atopábanse escavadas, alterando os diferentes niveis

de época romana documentados, até chegar ao zócolo natural onde o nivel freático manaba con rapidez.



Fig. 5. Cimentación do actual inmoble (UEM 232) sobre un pozo de época moderna (UE 216).



Fig. 6. Peitoril do pozo de época moderna UE 400 localizado na sondaxe 4, visto desde o N.

Xunto a estes pozos contamos con outras estruturas encadrables nesta fase e das que apenas conservamos retallos das súas cimentacións, desmanteladas posiblemente durante a construción do actual inmoble.

Na sondaxe 2 foi achada a cimentación UEM 203 a base de grandes e medianas laxas de xisto trabadas a óso que podería porse en relación coas estruturas UEM 312 e UEM 309 documentadas na sondaxe 3. A UEM 312 define un retallo de muro construído en cachotaría de xisto trabada con argamasa arxilosa alaranxada, de 90 cm de ancho x 60 cm de alzado conservado e orientación E-W, que se asentaba sobre a cimentación UEM 309 (esta última comparte unha factura similar á cimentación de época moderna UEM 203 localizada na sondaxe 2). Todas elas foron aproveitadas posteriormente polas cimentacións dalgúns dos muros pertencentes ao inmoble actual (fig. 7).

Outras estruturas, localizadas na sondaxe 3, poderían responder a unha construción encadrable nesta fase. A aparición dalgúns fragmentos no derrube asociado a esta estrutura, entre os que identificamos a Forma 1, variante B de cerámica común gris medieval (CÉSAR E BONILLA, 2003: 303), cerámica común rexional e de pastas vermellas de época moderna (Lám. 6) apuntan cara a esta hipótese (CÉSAR E BONILLA, 2003:309-326). Iso si, dun momento anterior posto que estaban cortadas pola cimentación, tamén moderna, UEM 309. Esta consistía no esquinale dun muro (UEM 308) de cachotaría de xisto trabada a óso, cunhas dimensións de 1,75 m de longo x 50 cm de ancho x 97 cm de alzado conservado, e que presentaba un posible pavimento de area encostado (UE 324) identificado como o interior dunha estancia (fig. 8). A súa continuidade cara ao S puido corroborarse durante os traballos de execución da gabia para o muro de contención de terras, descubríndose 1,75 m máis do seu trazado.



Fig. 7. Cimentación moderna (UEM 309) localizada na sondaxe 3, vista desde o N. A cimentación pertencente ao inmoble que se observa á dereita da imaxe, asentábase directamente sobre esta.



Lámina 6. Cerámica de pastas vermellas.



Fig. 8. Muro esquinual e pavimento de area identificados como o interior dunha posible estancia de época baixomedieval ou moderna, vistos desde o N.

Unha última estrutura, de factura similar ás xa documentadas até o momento, completa o conxunto de restos de época baixomedieval ou moderna localizados no soar. Trátase dun muro (UEM 337) localizado durante a ampliación da sondaxe 2 cara ao S (fig. 9), cuxa gabia de cimentación cortaría os últimos niveis romanos documentados, chegando ata o máis tardío dos pavimentos desta época identificados (UE 200). Posteriormente, este muro (UEM 337) será reutilizado pola cimentación do muro correspondente á fachada S do inmoble actual.



Fig. 9. Á esquerda da imaxe pódese apreciar a superposición da cimentación da casa sobre o muro de época moderna (UEM 337) situado ao fondo, e este, á súa vez, sobre o último pavimento de época romana documentado (UE 200), que se ve en primeiro plano.

Para unha visión máis completa do conxunto de materiais desta fase, temos que referirnos finalmente a diversas mostras de louzas de procedencia Talavera-Puente (algúns autores consideran que case todas as series de Talavera de la Reina repítense en Puente del Arzobispo, cuxas pezas son tan difíciles de considerar que se lles menciona coa atribución común Talavera-Puente, crendo mesmo desacertada a opinión que considera as pezas de Puente como variante máis ruda e popular que as de Talavera, SÁNCHEZ-PACHECO, 1995: 65). Trátase de exemplares cunha pasta de gran calidade, cuberta cun esmalte con abundante óxido de estaño que lle imprime unha tinguidura leitosa; estes exemplares están sempre vidrados polo anverso e o reverso. En canto ás formas recuperadas na intervención pertencentes a esta produción, na súa maioría recoñécense pratos de diferentes tamaños con á e, en menor medida, cuncos. As series localizadas pertencen na súa maioría á serie tricolor (Láminas 7, 8 e 9), do mesmo xeito que a cerámica de Faenza (Italia), con decoración realizada en cor azul, ocre ou laranxa e un violeta máis escuro ou morado, cor esta última que se utilizaba unicamente para o perfilado dos debuxos. Certas pezas desta serie, aparecen ademais coa denominada orla ou reberete castelá (Lámina 10), de tipo xeométrico e que decora o bordo dos pratos con rombos cruzados por aspas alternando con eses alargadas e motivos en manganeso.

Esta serie demostra unha gran variedade temática con preferencia polas zancudas ou paxaros centrais. Son frecuentes tamén os temas florais e vexetais ocupando o centro do prato, con formas asimétricas que se estenden polo bordo.

Estas pezas da produción cerámica de Talavera-Puente, pertencentes á serie tricolor, son encadrables en torno ao último terzo do século XVI e o século XVII (CASTRO LORENZO, 2011: 126, SÁNCHEZ-PACHECO, CASANOVAS Y GIRAL, 1993: 59, SÁNCHEZ-PACHECO, 1995: 63-69, CASANOVAS Y BERTRÁN, 2001: 74-77) así como outras lisas, de procedencia indeterminada (Láminas 11, 12, 13 e 14). A máis diso outros exemplares, sen esmaltar, de tipo común (Láminas 14, 15, 16, 17 e 18).




Lámina 7. Bordo de prato de cerámica de Talavera. Serie tricolor.




Lámina 8. Prato de cerámica de Talavera. Serie tricolor.



Lámina 9. Cunca de cerámica de Talavera. Serie tricolor.



Lámina 10. Fragmento de prato coa orla castelá no seu bordo



Lámina 11. Cunco de época moderna.




Lámina 12. Cunco de época moderna.



Lámina 13. Plato liso de época moderna.



Lámina 14. Fragmento de asa localizado en niveis de época moderna.



Lámina 15. Base de cerámica común localizada en niveis de época moderna.



Lámina 17. Asa e bordo de cerámica común localizada en niveis de época moderna.




Lámina 16. Base de cerámica común localizada en niveis de época moderna.



Lámina 18. Asa e bordo de cerámica común localizada en niveis de época moderna.

Fase romana

Os primeiros restos que evidenciaban un nivel de ocupación romana foron atopados na sondaxe 1, a 2 m baixo a cota do chan do inmoble, despois de retirar parte da cimentación do muro medianeiro UEM 118. En primeiro lugar, foi achada a estrutura murada UEM 106 con orientación NW-SE, de 1,8 m de longo x 50 cm de ancho e 40 cm de alzado conservado, que presentaba a cada lado senllos derrubes (UE 100 e UE 104) onde se localizou material cerámico e de construción cunha ampla cronoloxía. Así, mostras de cerámica común encadrables amplamente, entre os séculos I ao V d. C., sen maior precisión. Exemplar a destacar é un perfil completo de morteiro tipo M3, con marca aspada no bordo (Láminas 19 e 20). Da mesma, entre a TS contamos, no nivel de abandono (UE 101) aparecido baixo o derrube UE 100, e sobre o pavimento de cal UE 108, con exemplos tanto alto

como baixoimperiais, como o fragmento de TSHT, dunha posible forma 77⁴ (Lámina 27), con cronoloxías que oscilan entre os séculos III ao V-VI.



Lámina 19. Morteiro tipo M3 localizado na sondaxe 1.




Lámina 20. Morteiro tipo M3 localizado na sondaxe 1.

4 Forma 77 (MEZQUIRIZ, 1956: 507, 508 y 542). Palol 5 - Paz Peralta 82A, 82B, 82C, 83A y 83B (PAZ PERALTA, 2008: 516 y 525).

En segundo lugar, polo seu lado O, baixo o derrube UE 104 foi localizado un nivel de abandono (UE 102) sobre un pavimento de arxila compactada (UE 107), sen que polo momento podamos determinar ante que tipo de construción achámonos. Ademais, os materiais asociados presentaban unha ampla pinza cronolóxica: un fragmento dunha posible lucerna de TSHT (Lámina 21), outro correspondente a un prato da forma EP3 (ss. II-IV) de cerámica común romana (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 346-348).




Lámina 21. Fragmento de posible lucerna en TSHT.

O devandito muro contaba polo seu lado L cunha primeira banquetta (UEM 111) de 5 cms aprox. de ancho e 30 cms de alzado, que, á súa vez, asentaba sobre outra (UEM 109), formada por un par de fiadas de xisto colocadas a tizón, que sobresaían 30 cms da estrutura (figs. 10 e 11). Imbricada con esta, en ángulo recto, localizouse outra posible estrutura (UE 110) cuxa disposición na esquina SE da sondaxe impedía, de momento, coñecer a súa natureza.



Fig. 10. Conxunto, visto desde o S, formado polo pavimento UE 107, o muro UEM 106 e a súa banqueta de cimentación UEM 117.



Fig. 11. Alzado visto desde o L., correspondente al muro UEM 106 e as súas banquetas de cimentación UEM 109 y UEM 117.

Buscando unha solución arquitectónica para salvagardar a estrutura murada UEM 106, que nun principio se vía afectada pola construción dunha zapata, cuxo piar ía disporse encima, acordouse cos arqueólogos da Delegación da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo e dos Servizos de Arqueoloxía do propio Concello, a ampliación da sondaxe cara ao L. co fin de desprazala reducindo o impacto das obras sobre os restos. Grazas a isto, foi posible documentar un pavimento de cal e area (UE 108), cuberto por un derrube cuxos materiais se engloban dentro dunha fase altoimperial avanzada. Aínda a pesar da ampliación, non foi posible determinar a que tipo de construción respondería a estrutura UE 110, formada por laxas de medio tamaño de xisto, da que si se puido completar parte do seu trazado cunhas dimensións de 1,6 m de longo x 60 cm de ancho (figs. 12 e 13).



Fig. 12. Pavimento de cal e area (UE 108) documentado ao ampliar a sondaxe cara ao L.



Fig. 13. Estrutura indeterminada UE 110 á vista, despois de retirar o pavimento UE 108

Resulta plausible que nos atopásemos no interior da estancia dun edificio, que a xulgar pola boa factura do seu muro, co emprego de arxila alaranxada local como aglutinante e orientación NO-SE (coa desviación característica desta época) posiblemente correspondese a un momento altoimperial. Esta hipótese veríase confirmada ao realizar a gabia do muro de contención de terras, que supuxo a unificación das sondaxes 1 e 2, permitindo completar a visión que tiñamos do pavimento UE 107, que se revelou como unha beirarrúa ou *marginé* de 2,80 m de ancho aprox. correspondente a unha calzada que ademais se atoparía porticada a xulgar polo plinto de granito (UE 138), localizado no extremo O, sobre o que se apoiaría unha das bases das columnas sustentantes. Xunto a este, unha pequena zona formada por unha capa de cal fortemente compactado (UE 136) identificaríase como o pavimento orixinal da beirarrúa (fig. 14).



Fig. 14 Beirarrúa ou *marginé*, vista desde o N, pertencente á beira L. dunha calzada porticada. De esquerda a dereita podemos apreciar o muro UEM 106, que separa o ámbito público do privado, o pavimento UE 107 correspondente á beirarrúa, no centro o parcheado UE 133 e realizada sobre ambos a canle posiblemente tardorromana UE 137. Á dereita, vemos o pavimento orixinal da beirarrúa UE 136, o comezo dun plinto (UE 138) meténdose polo perfil e o pequeno muro UE 139, encostado a este.

Resultado de reformas posteriores baixoimperiales, podíase apreciar unha zona parcheada con arxila (UE 133) que respondía á construción dunha canle de condución de augas (UE 135) con paredes, base e tapas de xisto, que discorre polo centro da beirarrúa con orientación NO-SE e caída cara ao N. Presentaba unhas dimensións de 1,24 m de longo x 40 cm de ancho x 30 cm de profundidade de caixa. Tamén deste momento serían os restos do muro UEM 139, cunhas dimensións de 80 cm de longo x 50 cm de ancho alteradas polo pozo de época moderna UE 216, que se encosta ao plinto (fig. 15). Escavado sobre os pavimentos de arxila (UE 107 e UE 133) atopouse outra canle de sección en "v" (UE 137) realizado posiblemente nalgún momento tardorromano.



Fig. 15. Canle de evacuación de augas (UE 135), visto desde o N, localizado baixo a beirarrúa da marxe L. da calzada.

A zona identificada propiamente como calzada, cun ancho de 2,70 m aprox., foi localizada tanto na execución da sondaxe 2 como na gabia para a construción do muro de contención de terras, a unha profundidade de aprox. 2,5 m baixo o nivel do chan, con diversos momentos de repavimentación documentados. En primeiro lugar, un pavimento de grandes laxes de granito (UE 200) mesturado con laxes de lousa, moi desgastado e puído, onde destacaba unha de maior tamaño localizada no SE da sondaxe cun escote polo seu lado S efecto probablemente da acción da auga (UE 202), e que poderíamos enmarcar dentro dunha fase tardorromana (fig. 16).



Fig. 16. Pavimento de laxes de época tardorromana, visto desde o N, localizado durante a realización da sondaxe 2.

En segundo lugar, este lousado viría superpoñéndose a outro pavimento formado por cantos rodados de mediano tamaño moi compactados (UE 214), que presentaba diversos parcheados con cantos de maior tamaño. Sobre este foran efectuadas dúas canles: unha que discorría polo seu lado O selado por tapas de xisto (UE 201) e realizado con paredes de cachotaría trabadas con morteiro de cal (UEM 218-UEM 220) e base de laxes tamén de xisto (UE 221). Presentaba unha orientación NO-SE con caída cara ao N e unhas dimensións de 3,6 m de longo x 23 cm de ancho e 20 cm de profundidade. O outro, documentado na esquina SE da sondaxe, tamén estaba selado cunhas tapas de xisto de medio tamaño (UE 213) dispostas sobre unhas paredes de cachotaría bastante irregulares trabadas con morteiro de cal (UEM 219-UEM 212). Presentaba unhas dimensións de 90 cm de longo x 22 cm de anchura e 20 cm de profundidade. Pola súa orientación posiblemente chegou a confluír en "v" coa canle UEM 218-UEM 220, antes de ser interrompido pola construción do pozo de época moderna UE 216 (fig. 17).



Fig. 17. Vista desde o N do conxunto baixoimperial localizado na sondaxe 2, formado por dúas canles e un pavimento de cantos rodados. Abaixo á esquerda pódese apreciar o pozo de época moderna (UE 216) que alterou estas estruturas.

Ambas as canles, que se localizaron a unha cota de 2,86 m de profundidade con respecto á rasante do inmovible, deberon de funcionar simultaneamente co pavimento de cantos rodados, posiblemente nalgún momento dentro dunha fase baixoimperial,

a xulgar polos dous fragmentos indeterminados de TSHT localizados no recheo da gabia da canle UEM 218-UEM 220 e outro fragmento indeterminado de TSHT recuperado ao retirar o pavimento UE 214. É destacable, a pesar de localizarse en niveis posteriores á súa data de uso, posto que se achou durante a escavación do recheo da gabia da canle citada anteriormente, xa en época baixoimperial, o achado dunha moeda da *caetra* (lámina 28). Esta moeda presenta unha tipoloxía moi característica xa que no anverso aparece plasmada a efíxie de Augusto, entre palma e caduceo, en alusión á simboloxía da vitoria e o reverso, que está constituído polo escudo redondo ou *caetra*, presentando un umbo central en forma de círculo con símbolo radiado, ao seu arredor desenvólvese un debuxo xeométrico dividido en catro sectores. Ás veces presentan, a ambos os dous lados do escudo, unha especie de espada falcata de folla curva e un puñal de folla ancha. O centro do escudo está partido por dous *soliferra*. Estas moedas foron acuñadas entre os anos 25-23 a.C., posiblemente por orde de Caio Antistio, legado de Augusto, e foron destinadas a sufragar os gastos da guerra de Roma contra os cántabros e astures (AAVV, 2005: 24, GONZÁLEZ FERNÁNDEZ e CARREÑO GASCÓN, 1998: 1173, GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, 2005: 27-28). A pesar do seu mal estado de conservación, pódese apreciar no reverso parte do escudo redondo ou *caetra* partido por dous *soliferra*. Conserva 3 cm de diámetro e 19 gr de peso.

A continuación deste conxunto cara ao S púidose documentar durante a execución da gabia para o muro de contención de terras, deixando ao descuberto un segmento da beirarrúa oposta, correspondente á marxe O da calzada de aprox. 2 m de ancho (UE 342), realizada con arxila e cal fortemente compactados sobre a que se realizou, do mesmo xeito que na oposta, unha canle de evacuación de augas (UE 343) en época baixoimperial. Este presentaba unha orientación NO-SE con caída cara ao N e unhas dimensións de 1,30 m de long. x 30 cm de ancho x 25 cm de prof. (fig. 18).

Desmontado o nivel de calzada baixoimperial localizouse un terceiro pavimento (UE 223), formado por unha amálgama de 20 cm de grosor de cantos rodados de pequeno e mediano tamaño mesturados con argamasa areosa que, á súa vez, cubría un cuarto

e último pavimento (UE 224), formado por pequenos seixos os de 2-3 cm de calibre, dispostos directamente sobre o substrato. Nin os numismas (en mal estado de conservación), nin o escaso material cerámico, achados ao retirar os pavimentos, contribuíron a determinar cronoloxicamente cada unha das fases de repavimentación.



Fig. 18. Continuación cara ao S do pavimento UE 214 e a canle UE 218-220, previamente localizados na sondaxe 2. Á esquerda de ambos se pode observar a canle baixoimperial (UE 343) localizada baixo a beirarrúa.

Con todo, sería plausible relacionar o nivel de pavimentación UE 223 coa forma construtiva das calzadas de época flavia e o nivel máis antigo (UE 224) coas calzadas de época tiberio-claudiana, ambas as dúas documentadas en diversas zonas da cidade e das que falaremos máis adiante.

Relacionado coa calzada máis antiga, localizouse unha estrutura indeterminada de forma rectangular (UE 226) situada na esquina NO da sondaxe, que fora reutilizada como parede O pola canle baixoimperial UEM 220-UEM 218. Posiblemente trátase dunha pilastra como a localizada durante a seguinte intervención (UE 352), e que tamén sería reaproveitada pola canle (fig. 19). Desta última, só se poden proporcionar medidas parciais, de 1,27 m de longo x 1,13 m de ancho, posto que parece continuar cara ao S.



Fig. 19. Vista cara ao N da pilastra UE 352 asociada ao último nivel de pavimentación (UE 224), posiblemente de época tiberio-claudiana.



Fig. 20. Últimas estruturas documentadas na sondaxe 2, vistas desde o N. Arriba á esquerda pódese apreciar o muro UEM 227, no centro a estrutura indeterminada UE 225 e abaixo á dereita a posible pilastra UE 226.

Chegando á cota do substrato, situado a unha profundidade que superaba os 3 m, foron localizadas dúas novas estruturas cuxa finalidade se descoñece, posiblemente pertencentes a unha fase altoimperial temperá. Cunha orientación similar (NO-SE) a todos os restos de época romana documentados, asentábanse directamente sobre o zócolo natural. A estrutura indeterminada UE 225, localizada no centro da sondaxe, conserva soamente unha cara polo seu lado L. cun par de fiadas de xisto trabadas a óso e unhas dimensións de 2 m de longo x 20 cm de ancho; mentres que o muro UEM 227, situado na esquina SE, presentaba máis alzado e mellor factura, construído con cachotaría de xisto trabada a óso e unhas dimensións de 60 cm de longo x 55 cm de ancho (fig. 20). Só conservaba parte do seu trazado posto que estaba interrompido cara ao N polo pozo UE 216.

Polo lado O da beirarrúa, correspondente á marxe O da calzada, atopamos, a unha profundidade de 2,85 m, outro espazo de ámbito privado cuxo abandono parece producirse a partir dos séculos IV-V. Tanto o derrube como o nivel de abandono que cobren as estruturas achadas nesta sondaxe presentaban materiais con cronoloxías que se estenden até estes séculos. É o caso dun fragmento da forma Hayes 61-A de Sigillata Africana-D (Láminas 22 e 23), con datas propostas para a súa produción en torno ao 325-400/420 (HAYES, 1972 e 1980, *ATLANTE*, 1981 e RAINAUD, 1993: 192). A pesar de que a forma Hayes 61 preséntase como unha das de maior representación no noroeste peninsular, entre as importacións africanas (LÓPEZ PÉREZ, 2004: 447-448), en *Lucus Augusti*, é esta a primeira vez que se testemuña a presenza desta forma, non aparecendo publicada até o momento (LÓPEZ PÉREZ, 2004, CARREÑO, 1995 e 1997).

Igualmente, dalgunhas formas indeterminadas de TSHT, un fragmento da forma 15/17T, de fragmentos das formas EP (ss. II-V d.C.), EP1 (ss. II-IV d.C.), EP1B (ss. II-IV d.C.), EP3-EP3B (ss. II-IV d.C.) e EP6 (Láminas 25 e 26, de finais do século III ao V d.C.) en cerámica común romana (ALCORTA IRASTORZA, 2001: 344-354).



Lámina 22. Fragmento de TSA-D da forma Hayes 61-A.



Lámina 23. TSA-D, forma Hayes 61-A.



Lámina 24. TSHT, forma 15-17T.



Lámina 25. Fragmento da forma EP6 de cerâmica común engobada.




Lámina 26. Forma EP6 de cerâmica común engobada.



Lámina 27. Posible forma 77 de TSHT.



Lámina 28. Moeda da *caetra*.

Este espazo estaría definido por un muro de cachotaría de xisto trabada con argamasa amarelada (UEM 305), un pavimento interior de arxila moi compactada (UE 301) sobre unha base de area e lousas en posición horizontal (UE 300) e unha pilastra de planta cadrada (UE 307) localizada ao O do pavimento. O muro, que parece responder a unha reordenación posterior do lugar, presentaba unha lonxitude de 3,27 m con orientación NO-SE, un alzado conservado de 1,10 m e unha banqueteta (UEM 306) de 15 cm encaixada no substrato. A pilastra presentaba unhas proporcións considerables (96x96 cm e un alzado de 70 cm), asentada sobre dúas banquetetas: unha primeira (UE 315), de boa factura, cunhas dimensións de 130x130 cm aprox. e 30 cm de altura, sobre unha segunda (UE 316) de 150x150 cm, formada por unha base de laxas de xisto de gran tamaño dispostas directamente sobre o substrato e trabadas sen argamasa (fig. 21).



Fig. 21. Vista cara ao O da estancia interior dun posible edificio de grandes proporcións, formada por un muro, unha pilastra e un pavimento de arxila.

É probable que este conxunto responda ao interior dunha construción monumental altoimperial, dadas as dimensións da pilastra, cunha data *post quem* a partir de mediados do s. I d.C., estendéndose a súa ocupación até o s. IV-V d.C. Durante este amplo lapso, o ámbito experimentou diferentes repavimentacións a xulgar por catro fragmentos indeterminados de TSHT (ss.IV-V) así como dous individuos da Forma 35 de TSH (60-150 d.C.), localizados ao retirar o pavimento UE 301. Posiblemente nalgún momento tardío este espazo sería reutilizado, quizais unha vez que o edificio perdeu a súa función orixinal, tendo en conta que

sobre o devandito pavimento localizouse un buraco de poste (UE 348) con calzos (fig. 22).



Fig. 22. Nesta imaxe pódese observar a diferenza de cota existente entre o *margin*e da calzada e o interior do edificio localizado ao O. O muro UEM 305, en primeiro plano, que delimitaba ambos os espazos atopábase parcialmente desmantelado por unha fosa. Abaixo á esquerda pódese apreciar o buraco de poste UE 348 realizado sobre o pavimento UE 301.

Os labores arqueolóxicos veríanse dificultados coa aparición do nivel freático, que xa empezaba a brotar xusto por baixo do pavimento de arxila. Unha vez alcanzada a cota necesaria para asentar as zapatas puido documentarse no perfil N outro posible pavimento (UE 336), estratigraficamente por baixo do pavimento de arxila UE 301 e cortado pola gabiá de cimentación do muro UEM 305, que probablemente

estaría asociado á pilastra nun primeiro momento de ocupación que non é posible precisar. A profundidade alcanzada finalmente permitiu ter unha visión completa da pilastra podendo observarse en toda a súa magnitude (fig. 23).



Fig. 23. Pilastra, vista desde o L., pertencente a un edificio de grandes proporcións.

PROPOSTA DE INTERPRETACIÓN

Coas intervencións levadas a cabo no edificio nº 5 da Rúa Nova de Lugo tentouse dar resposta a toda problemática e incidencia de índole arqueolóxica que puidesen xerar as obras de rehabilitación, satisfacendo as necesidades que en materia de patrimonio arqueolóxico contempla o P.E.P.R.I e demais normativa de aplicación, corrixindo e atenuando o impacto que sobre o patrimonio arqueolóxico puidese supor a execución das obras, ao amparo do actual Plan Especial de Protección e Reforma do Recinto Interior, (1997, art. 45 e 46) e de acordo co Decreto 199/97 de 10 de Xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

A localización de estruturas e restos arqueolóxicos mobles e inmobles en posición primaria, permitiron identificar diferentes momentos ou fases de ocupación desta zona, desde a máis temperá de época romana até a edificación do inmoible no S. XIX.

Unha primeira fase corresponderíase coa edificación e ocupación do inmoible actual, desde o s. XIX até o




Fig. 24. Proposta interpretativa das distintas fases de época romana documentadas.

presente, polos diferentes recheos construtivos e as estruturas soterradas localizadas (UEM 231, UEM 232, UEM 233 e UEM 313); así como os restos dun posible patio interior formado por un pavimento de cantos rodados (UE 323) e un pozo (UE 322).

Unha segunda fase, encadrable en época baixomedieval ou moderna, á que pertencen os restos dun muro (UEM 312) e a súa cimentación (UEM 203 e UEM 309) reutilizados para a edificación de dous dos muros mestres do inmobile actual (UEM 233 e UEM 327). Posiblemente relacionado con estas estruturas estaría o retallo de muro (UEM 337) localizado ao S da sondaxe 2 cunha disposición perpendicular ás anteriores. Así mesmo, a este momento correspóndense os dous pozos documentados: un de boca rectangular (UE 400) e outro circular (UE 216) localizado baixo a cimentación dun muro de carga do inmobile (UEM 232). Dado o grao de destrución dos restos, probablemente desmantelados durante a execución do actual inmobile, así como a visión parcial e illada que temos non é posible establecer unha relación directa neles nin precisar de que tipo de construción falamos. Debe incluírse dentro desta fase, pero nun momento anterior, o muro esquinal (UEM 308) que presentaba un pavimento de area compactada asociado (UE 324), respondendo ao interior dunha edificación indeterminada.

Por último, unha terceira fase correspondente aos niveis de ocupación romanos, onde se documenta a presenza de diversas estruturas tanto de ámbito público como privado (fig. 24).

Ao ámbito público pertencería a calzada por cuxa orientación (NO-SE) e dimensións (cun ancho de 2,70 m para o tránsito rodado e dúas beirarrúas para o tránsito peonil flanqueando os lados O e L., de aprox. 2 m e 2,80 m respectivamente) identificamos como un *cardo minor* delimitando dúas *insulae*, a cal experimentará reformas en diferentes momentos, algunhas recoñecibles por paralelos atopados na cidade, das que a continuación realizamos unha reconstrución hipotética.

Un primeiro momento que xenericamente poderíamos considerar altoimperial viría definido polo deseño do primeiro nivel de calzada, tras a anulación das estruturas indeterminadas localizadas baixo esta (UE 225 e UE 227). Sería plausible pensar que xa existise intención de reservar un espazo para peóns coñecido como *semitae* ou *crepidines* que demostra unha preocupación temperá pola definición de espazos, por canto desde un principio a evolución da calzada prodúcese de forma vertical sen estenderse máis aló dos *marginē*⁵, ata que a repavimentación de época tardorromana rompe este patrón. Para iso preséntase un acondicionamento do terreo recortando os estratos xeolóxicos co fin de establecer a pendente adecuada que, en liñas xerais, manterase ao longo da súa vida (ROMANÍ, 2008: p. 147). É así como nace o primeiro nivel de calzada documentado (UE 224) por cuxa tipoloxía posiblemente se corresponda coa rede viaria establecida en época tiberio-claudiana caracterizada por un manto de cantos rodados de pequeno calibre (2-3 cm) dispostos directamente sobre o zócolo natural. Flanqueando a calzada por ambos os lados xa debía existir un espazo peonil sobreelevado.

5 Caso contrario encontramos, por exemplo, na intervención realizada no inmobile n.º 28 da Rúa Progreso de Lugo (SANTAMARÍA, 2009) onde a calzada de época tiberio-claudiana localizada se prolongaba por debaixo da beirarrúa (avanzamos este dato da próxima publicación en fase de elaboración relativa a esta intervención).

En relación coa calzada teríamos a liña que forman as dúas pilastras (UE 226 e UE 352) localizadas pola súa banda O, que fan pensar nunha zona porticada cunha beirarrúa de arxila fortemente compactada (UE 342) semellante ás localizadas noutras intervencións na cidade⁶, que daría acceso a un posible edificio de carácter monumental, a xulgar pola pilastra de grandes proporcións localizada máis cara ao O (UE 307), cunha data *post quem* de construción a mediados do s. I d.C. O muro UE 305 parece corresponderse coa fachada deste edificio que delimita o espazo privado, definido pola pilastra e un pavimento interior de arxila (UE 301) onde se identificaron diversas reparacións que levan o seu uso até os ss. IV-V d.C.

Pola banda L. da calzada atopamos outra construción de tipo doméstico definida por un pavimento interior de cal e area moi deteriorado (UE 108) e un muro (UEM 106), que marca o límite coa beirarrúa tamén formada por arxila apisoada (UE 107) e porticada.

Xa sexa pola deterioración da calzada ou por motivos urbanísticos, en todas as redes viarias producíranse unha serie de refaccións que suporán unha elevación da cota ao incorporar novos elementos. No caso que nos ocupa, por encima da posible calzada tiberio-claudiana documéntase un segundo nivel (UE 223) formado por cantos rodados de pequeno e mediano tamaño fortemente aglomerados con argamasa areosa que lembra á tipoloxía de calzadas que desde época

flavia véñense executando ao longo da cidade⁷. Ao mesmo tempo, resultado probablemente das reformas emprendidas a partir desta época⁸, introdúcese un pórtico polo *marxine* do lado L. da calzada testemuñado polo plinto de granito (UE 138) sobre o que descansaría unha das columnas sustentantes, á vez que se repavimentaría a beirarrúa cun botado de cal moi compactado (UE 136). Esta formulación a modo de *portici* das beirarrúas era costume nas cidades romanas con exemplos en *Clunia*, *Emporiae*, *Itálica*, *Tarraco* ou *Barcino*, ou en *Bracara Augusta*⁹ e *Asturica Augusta*. Ademais podían utilizarse como zona comercial para a instalación de *tabernae*. Podendo ser o caso dos pequenos ámbitos de forma rectangular que se advirten nos restos descubertos na rúa de Armanyá, Raiña e Progreso (GONZÁLEZ-CARREÑO, 2000: 68-69).

Nun segundo momento, que consideramos baixoimperial, producíranse novas transformacións que afectarán ao conxunto da calzada. En primeiro lugar, prodúcese un terceiro recrecemento da mesma coa construción dun novo nivel de calzada (UE 214) formado por cantos rodados de pequeno tamaño parcheados con outros de maior tamaño, sobre os que se incorporan dúas canles de evacuación de augas (UEM 218-UEM 220 e UEM 212-UEM 219) que as

7 Un bo exemplo foi localizado durante a escavación en área do soar n.º 28 da Rúa Progreso. Durante esta intervención documentáronse até tres niveis de pavimentación pertencentes a un *cardo minor*: un primeiro nivel de época tiberio-claudiana formado por cantos de río de pequeno tamaño, ao igual que aquí, dispostos directamente sobre o substrato. Un segundo nivel, relacionado coas reformas, que dende época flavia se executarían nas redes viarias, identificado pola súa composición en tres capas de 25-30 cm de grosor empregando cuarzos e cuarcitas torados e amalgamados con argamasa arxilosa (*statumen* e *nucleus*) e unha capa de rodadura formada por cantos pulidos (*summa crusta*). Por último, un terceiro nivel presumiblemente tardío formado por cantos de mediano e gran tamaño, mesturados con laxas de xisto e terra areenta (SANTAMARÍA, 2009: 41-44).

8 Este impulso romanizador e urbanizador que dende finais do s. I d.C. véñense producindo, está reflectido tamén nas cidades que levan o apelativo de "flavia", como *Iria Flavia*, *Flavia Lambris* e *Flavium Brigantium* ou as veciñas *Aquae Flaviae*, *Interamnium Flavium* e *Flavionavia*, a maioría delas situadas nas vías de comunicación (ARIAS VILAS, 1997: 131-138).

9 Ao igual que *Lucus Augusti*, tamén coñecerá un florecemento en época flavia-antonina potenciado por un acelerado programa de desenvolvemento da súa actividade económica, pertencendo a este período a maior parte das construcións públicas e privadas descubertas (MARTINS, 2009: 182).

6 É o caso das escavacións codirixidas en 1990 por D. Enrique González Fernández e D. Santiago Ferrer no n.º 21 da Rúa da Raiña e nos n.º 24, 25 e 26 de Sto. Domingo onde se localizou un *cardo* cun pórtico de columnas e pilastras polo seu lado O, que marcaban a transición aos edificios (AAVV, 1997: 203). Así mesmo, durante a intervención realizada na *domus* coñecida como "Casa do Monolito", situada na Rúa dos Clérigos, foi localizado polo seu límite SO un *cardo* duns 8 m de anchura e unha zona porticada de 3 m de ancho (GONZÁLEZ-CARREÑO, 1998: 1202-1203). Tamén dispoñía de porticado a beirarrúa que, pola parte occidental, delimitaba o edificio termal descuberto en 1986 na Praza de Santo Domingo.

reconducirían cara a outro colector maior situado cara ao N, posiblemente a cloaca baixoimperial localizada baixo o *decumanus* da Rúa Armanyá que enfilaría a saída da cidade pola Porta Miñá, pasando a escasos metros dos restos que describimos, para acabar desembocándoas no río Miño. Sobre as beirarrúas tamén serían introducidas dúas novas canalizacións (UE 135 e UE 343) de boa factura que, do mesmo xeito que as anteriores, levarían as súas augas cara a un colector maior. Resulta rechamante as numerosas canalizacións de evacuación de augas realizadas neste momento e que quizais puidesen porse en relación coas remodelacións que entre finais do s. III-primeiros anos do s. IV prodúcense no conxunto termal na zona comprendida entre as rúas de Armanyá e da Cruz (AAVV, 1997: 204-205), configurado por unha zona de *hypocaustis* en dúas terrazas laterais con exedra que se abre a un gran patio central con pilastras, datable en época de Claudio-Nerón (GONZÁLEZ-CARREÑO, 1998: 1176). Hai que destacar que non só os espazos públicos sufrirán transformacións nesta época, xa que os edificios privados da cidade dotaríanse de estancias con mosaicos, pinturas murais e baños (GONZÁLEZ-CARREÑO, 1998: 1181) que loxicamente necesitarían dunha boa rede de saneamento. Exemplos diso témolos nos baños privados con instalación termal descubertos por Dña. Covadonga Carreño Gascón, na Rúa dos Cregos, identificados como *caldarium*, *laconium*, *praefurnium*, *tepidarium* e *frigidarium* (GONZÁLEZ, 1995: 67 e ss.) ou no sector NO da *domus* descuberta en Sto. Domingo onde se detectou un pequeno conxunto de *hypocaustis* pertencentes a unhas termas privadas (GONZÁLEZ-CARREÑO, 1998: 1200).

Non é incongruente atoparnos con este tipo de obras neste momento a vulgar polo novo período de vitalidade urbanística que experimenta a cidade entre fins do s. III e mediados do s. IV, relacionado posiblemente coas reformas administrativas introducidas por Diocleciano a fins do s. III coa creación da nova provincia da *Gallaecia*, o que determinará que algunhas cidades como *Lucus* ou *Bracara* manteñan a súa importancia política e económica nun momento en que moitas outras rexistran un retraemento poboacional e declive urbano (GONZÁLEZ-CARREÑO, 1996: 1179).

Pero o elemento que mellor representa os cambios da cidade nestes momentos será a construción da

muralla a partir da segunda metade do s. III que suporá unha reorganización dos espazos públicos e privados. Un fenómeno vinculado a estas modificacións será a apropiación por parte de particulares dalgúns espazos públicos, do cal aquí atopamos un exemplo coa adhesión dun pequeno muro (UEM 139) ao plinto que forma parte da zona porticada da marxe L. da calzada, anulando a súa función como zona de tránsito peonil¹⁰.

Presumiblemente nun momento tardorromano producirase un último recrecemento que suporá a ampliación da calzada, anulando polo menos una das súas beirarrúas (a da marxe O) nun contexto no que o pórtico de pilastras deixaría de existir. A súa pavimentación caracterízase polo uso de grandes laxas de granito puído mesturado con laxas de lousa a modo de reparcheos (UE 200).

Grazas ás intervencións levadas a cabo neste soar podemos incorporar á rede viaria de *Lucus* un novo

10 Este tipo de transformacións tamén se constatou en cidades augusteas como *Bracara* onde, polas mesmas datas, a construción da muralla produce unha remodelación de edificios e espazos que se adaptan ao constrinximento imposto por esta e que conduce ao abandono progresivo de varios eixes viarios e a un avance das edificacións sobre as rúas e pórticos, como sucede coa ocupación da calzada situada ao O da *domus* das Carvalheiras ou na zona arqueolóxica da Escola Velha da Sé (MARTINS, 2009: 183-203). En Lugo xa contabamos con exemplos como os documentados nas escavacións codirixidas en 1990 por D. Enrique González Fernández e D. Santiago Ferrer no n.º 21 da Rúa da Raíña e nos n.º 24, 25 e 26 de Sto. Domingo, onde se constata unha perda do ámbito público coa ocupación dunha calzada en sentido N-S xa na época de decadencia romana, ou nas escavacións do Pazo de Lomas levadas a cabo en 1991 por D. Enrique González Fernández que sacaron á luz un tramo dun *cardo minor* de 17 m de longo por 4 m de ancho sen porticar que parece sufrir unha invasión do seu espazo a partir do s. III, motivado pola construción da muralla (AAVV, 1997: 202-203). Na intervención levada a cabo por Roberto Bartolomé Abreira na Rúa da Cruz (BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2006), tamén foi documentada unha invasión do espazo da beirarrúa ao construírse un muro que pechaba ese espazo porticado.




Fig. 25. Reconstrución en sección a través dos restos encontrados.

cardo do que até a data non se tiña noticia¹¹ e que se axusta ás dimensións das calzadas documentadas en Lugo que varían entre os catro metros (como o *cardo minor* documentado no Pazo de Lomas) e os oito (*cardines* das rúas da Raíña e Clérigos), as cales non se manterían inalterables no tempo (AAVV, 1997: 187-218). Os espazos destinados a beirarrúa, normalmente porticados resultado dunha herdanza de tradición oriental, poderían chegar a alcanzar os 3 m (como

as exhumadas na Praza de Sto. Domingo, Rúa dos Cregos e Rúa da Cruz) conferindo unha anchura ao total da rúa considerable. Proporcionaban un espazo ideal para gozarse das inclemencias climatolóxicas e un lugar idóneo para a instalación de certas actividades artesanais e comerciais nas *tabernae*. Os pórticos estarían conformados por grosos bloques de granito que, a modo de plintos, servirían de base a postes de madeira, ou a pilastras de lousa ou columnas de granito, cuxo uso sería máis frecuente en monumentos públicos, casas ricas ou cruces de rúas (GONZÁLEZ-CARREÑO, 1996: 1187-1189).

11 Por citar outros exemplos aos xa sinalados de *cardines* documentados na cidade contamos coas seguintes intervencións:

- Escavación arqueolóxica realizada en 2001 por D. Francisco Hervés Raigoso no inmoble n.º 93-95 da Rúa Nova, onde se localizou unha calzada altoimperial con orientación N-S (AAVV, 2002: 215-216).
- Escavación arqueolóxica realizada en 1995 por D. Enrique González Fernández no n.º 18 da Rúa da Cruz, onde se localizou un novo retallo dun *cardo minor* cunha canle lateral de drenaxe así como dous espazos porticados, na beirarrúa O (AAVV, 2002: 204-205).
- Posteriormente D. Roberto Bartolomé Abreira levará a cabo unha intervención na mesma rúa (BARTOLOMÉ ABRAIRA, 2006) que poñerá ao descuberto o espazo porticado oposto, deixando constancia ao igual que na intervención que nos ocupa da existencia dun *cardo* dobremente porticado.
- Escavación na Rúa da Tinería realizada por D. Enrique González Fernández no 2002, descubrindo a continuación do *cardo minor* localizado no Pazo de Lomas por el mesmo en 1991 (AAVV, 2006: 250).

Ben pavimentada e drenada, usando un aglomerado denominado por Vitrubio como *glarea*, estaba deseñada para a circulación de homes e mercadorías, cunha excelente calidade técnica e unha división de espazos, destinando beirarrúas para os primeiros e calzadas para os vehículos (GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, 1995: 54). Ambas eran consideradas como espazos públicos, pero, ás veces, cun réxime xurídico de propiedade diferente. En diversos *legos* descóbrense que se atribúe a cargos da administración urbana a función de velar polas rúas, mentres que en canto

ás beirarrúas ou espazos porticados, serían os propietarios das edificacións lindeiras os que tiñan que facerse cargo da súa construción e mantemento (GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, 1997: 173-180). Por outra banda, nas leis municipais flavias (*Lex Irnitana*) e a *Lex Ursonensis*, o *munire* e o *refacere*, é dicir, a construción e a refacción da rúa serían deberes do edil da administración municipal. Aos propietarios quedaría a obriga do *tuere*, o de conservar as rúas practicables nas zonas que limitan cos seus edificios, a través de obras simples, para solucionar as deterioracións que o tránsito pola rúa xera (ROMANÍ, 2008: 163).

É importante destacar a información desprendida durante as intervencións, acerca da inesperada potencia acadada¹² que mostra a existencia dun desnivel do terreo. Mentres a cota do chan (pavimento UE 108) do edificio que marca o inicio da *insulae* situada ao L. da calzada aparece a 2,45 m por baixo da rasante do inmovible, a cota do chan (pavimento UE 301) pertencente a unha construción da *insulae* situada ao O localízase a 3,10 m. Este dato é importante á hora de propoñer futuras intervencións arqueolóxicas en zonas próximas, e que induce a considerar unha disposición socalcada do armazón urbanístico en época romana (fig. 25), sobre todo nesta zona co inicio dunha forte pendente cara ao val do Miño. Esta circunstancia non é allea ao sistema de construción desta época xa que as rúas en pendente son admitidas no urbanismo romano, alcanzando a horizontalidade necesaria para o desenvolvemento das parcelas cara á edificación de *insulae*, a través dun sistema de aterraxamento (GONZÁLEZ-CARREÑO, 1996: 1183). Sempre que a natureza do terreo permitíao, os romanos trazaban as súas rúas dereitas, cortadas en ángulo recto. Esta cuadrícula tamén a realizaban en sitios con relevo pronunciado, aplicando unha das regras de ouro do urbanismo romano: a adaptación ao terreo (PELLETIER, 1982: 35).

12 Recordemos que os primeiros restos de época romana aparecen a unha profundidade de 2 m con respecto á cota inicial das sondaxes.

BIBLIOGRAFÍA

AAVV: *Lucus Augusti, Urbs Romana: los orígenes de la ciudad de Lugo*. Concello de Lugo. 1995.

AAVV: "Arqueoloxía urbana en Lugo (1990-1994)", en *Revista Larouco*, nº 2, 1997 (p. 187-218).

AAVV: "Arqueoloxía urbana na cidade de Lugo (1995-2002)", en *Revista Larouco*, nº 3, 2002. p. 203-220.

AAVV: "Arqueoloxía urbana na cidade de Lugo (2002-2006)", en *Revista Larouco*, nº 4, 2006. p. 249-254.

ALCORTA IRASTORZA, E. J.: *Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad. Lucus Augusti*, vol. II, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2001.

ARIAS VILAS, F.: "La ocupación del espacio y la diversificación de los asentamientos", en *Galicia castrexa e romana*. Lugo: Xunta de Galicia, 1997. p. 131-138.

ATLANTE: *Supplemento de la Enciclopedia dell'Arte Antica. Classica e Orientale. Atlante delle Forme Ceramiche, I. Ceramica fine e romana nel Bacino Mediterraneo (Medio e Tardo Imperio)*. Roma. 1981.

BALIL, A.: "Las ideas urbanísticas en época augustea" en *Symposion de ciudades augusteas. Bimilenario de la colonia caesaraugustea*. Universidad de Zaragoza, 1976. p. 29-78.

BARTOLOMÉ ABRAIRA, R.: *Informe valorativo dos traballos de control arqueolóxico das obras de pavimentación e servizos na rúa da Cruz, Lugo*. Depositado na Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 2006.

BARTOLOMÉ ABRAIRA, R.: "Escavación arqueolóxica en área no inmovible nº 5 da rúa Nova, Lugo", en *Actuacións Arqueolóxicas. Ano 2008*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo, 2010. p. 151-153.

CARREÑO GASCÓN, M^a. C.: "Sigillata africana en Lucus Augusti", en *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, II, Zaragoza, p.: 297-302, 1995.

- CARREÑO GASCÓN, M^a. C.: "Cerámica fina de mesa: a terra sigillata en Galicia", en García Iglesias, J. M. (Coord.): *Galicia castrexa e romana*. Santiago de Compostela, 1997.
- CASANOVAS, M^a. A. y BERTRÁN, J.A.: *Cerámica de Talavera de la Reina y Puente del Arzobispo en la colección Bertrán y Musitu*. 2001.
- CASTRO LORENZO, M^a. L.: "La vajilla de lujo en Santiago de Compostela en los siglos XVI y XVII: aportaciones de la arqueología", en *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais*. Revista en liña da Deputación de Pontevedra, 2011.
- CÉSAR VILA, M. y BONILLA RODRÍGUEZ A.: "Estudio de los materiales arqueológicos del "Castelo da Lúa", en *Gallaecia*, vol. XXII, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2003. p. 297-367.
- GARCÍA ALÉN, L.: *La Alfarería de Galicia*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1983.
- GARCÍA MARCOS, V., VIDAL ENCINAS, J. M.: "Asturica Augusta: De asentamiento militar a urbs magnifica" en *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico. Actas del Congreso Internacional*. Facultade de Humanidades. Lugo, 1996. p. 911-944.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E.: "Esplendor urbanístico de Lucus Augusti", en *Urbs romana. As orixes da cidade de Lugo*. Concello de Lugo, 1995. p. 43-72.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E.: "El urbanismo de *Lucus Augusti*", en *Galicia Terra Única: Galicia castrexa y romana*. Xunta de Galicia, 1997, p. 173-180.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E.: *Imago Antiqua. Lugo romano*. Concello de Lugo. 2005.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. y CARREÑO GASCÓN, C.: "La capital del extremo noroeste hispánico: *Lucus Augusti* y su tejido urbano a la luz de las últimas intervenciones arqueológicas", en *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico. Actas del Congreso Internacional*. Facultade de Humanidades. 1996. Lugo, 1998.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. y CARREÑO GASCÓN, C.: "El tejido urbano de la ciudad romana de *Lucus Augusti*. Excavaciones arqueológicas de los dos últimos lustros", en *Revista Lucensia*, nº 20. Lugo, 2000.
- HAYES, J. W.: *Late Roman Pottery*. London. 1972.
- HAYES, J. W.: *Supplement to Late Roman Pottery*. London. 1980.
- LÓPEZ PÉREZ, M^a. C.: *Aportaciones al estudio del comercio romano a través de la cerámica de importación, la Terra Sigillata de la provincia de A Coruña*. Tese-Universidade de Santiago de Compostela-Departamento de Historia I. Director: José Manuel Caamaño Gesto. 2001.
- LÓPEZ PÉREZ, M^a. C.: "El comercio de terra sigillata en la provincia de A Coruña", en *Brigantium 16*. Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña, 2004.
- MARTINS, M.: "Bracara Augusta. Panorama e estado da cuestión sobre o seu urbanismo" en *Do castro á cidade. A romanización na Gallaecia e na Hispania indoeuropea. Actas do curso de actualización sobre a romanización de Galicia*. Servizos de publicacións da Deputación de Lugo, 2009.
- MARTINS, M., DELGADO, M., SANDE LEMOS, F., CUNHA, A.: "*Bracara Augusta* capital da Gallaecia meridional: Historia, urbanismo e arquitectura", en *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico. Actas del Congreso Internacional*. Facultade de Humanidades. Lugo, 1996. p. 735-750.
- MEZQUIRIZ DE CATALÁN, M^a. A.: "*Terra sigillata hispanica*", en *Atlante delle Forme Ceramiche*, Tomo I, Instituto delle Enciclopedia Italiana, Roma, 1956, p. 419-563.
- PAZ PERALTA, J.A.: "Las producciones de *terra sigillata* hispánica intermedia y tardía", en *Cerámicas Hispanorromanas. Un estado de la cuestión*. Bernal Casasola, D. y Ribera i Lacomba, A. (eds. científicos). Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cádiz, 2008, p. 497-539.

PELLETIER, A.: *L'Urbanisme romain sous l'Empire*. Ed. Picard. 1982.

RAYNAUD, C.: "Céramique africaine Claire D", en *Lattara 6*, 1993, pp. 190-197. (<http://www.lattara.net/LATTARAPUB/PUBLAT/LATTARA6/lattara6.html>).

RODRIGUEZ COLMENERO, A.: "Esplendor urbanístico de Lucus Augusti", en *Urbs romana. As orixes da cidade de Lugo*. Concello de Lugo, 1995. p. 43-72.

RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (coord.): "*Lucus Augusti*. El amanecer de una ciudad", en *Lucus Augusti, ¿Una ciudad sin ambiente?* Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 1996.

ROMANÍ, N.: "El proceso de recrecimiento de las vías urbanas en época romana: entre el proyecto y la casualidad", en *IV Congreso de las obras públicas en la ciudad romana*. Colegio de Ingenieros Técnicos de Obras Públicas. Lugo, 2008.

SÁNCHEZ-PACHECO, T., CASANOVAS, M^e.A. y GIRAL, M^e. D.: *Museo de Cerámica. Palacio de Pedralbes*. Barcelona. 1993.

SÁNCHEZ-PACHECO, T.: *Museo de Cerámica. Guía*. Ajuntament de Barcelona. 1995.

SANTAMARÍA GÁMEZ, G.: *Informe valorativo de los trabajos de excavación arqueológica en área en la Rúa Progreso, 28 (Lugo)*. Santiago de Compostela, 2009.

CONTRIBUCIÓN AO COÑECEMENTO DO ARMAZÓN URBANÍSTICO DE *LUCUS AUGUSTI*:
DESCUBRIMENTO DUN NOVO *CARDO MINOR*
DURANTE AS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO Nº 5 DA RÚA NOVA DE LUGO
